

Febreiro 2012

## **Asemblea de traballadoras e traballadores do Consorcio o sábado 11 de febreiro as 11:30 no IES As Fontiñas (FP)**

### **O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e benestar segue negándose a aplicar o convenio para as súas traballadoras e traballadores**

O Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e benestar nunha reunión coas delegadas e delegados das traballadoras e traballadores do mesmo consorcio anunciou a integración do Consorcio na Axencia Galega de Servizos Sociais, dita integración sería en dúas fases, nunha primeira a farían os Servizos Centrais e as Escolas Infantís (Galiñas Azuis) quedando para unha segunda fase a Área de Benestar.

Todo isto sen garantir en ningún momento os postos de traballo do persoal do Consorcio unha vez finalizado o proceso de integración.

O Xerente do Consorcio tamén

anunciou a convocatoria da oferta de emprego público sen ter en conta en ningún momento que a maioría das traballadoras e traballadores xa pasaron un proceso selectivo.

Anunciou por outra banda o comezo da negociación da Relación de Postos de Traballo do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, cara a posterior integración na Axencia desta RPT, outra vez sen garantir, por parte do Xerente, o mantemento da mesma unha vez rematada a integración.

O Secretario Nacional da CIG Ensino mostrou o descontento das traballadoras e traballadores coas

**En canto ás oposicións non podemos esquecer que moito deste persoal xa pasou un proceso selectivo.**

medidas anunciadas, posto que coa normativa actual, a integración non garantizará os postos de traballo, e volveu esixir a aplicación do V convenio para as traballadoras e traballadores do consorcio, mostrando que non entendíamos como tendo un Convenio Negociado aínda non se aplicara.

En canto ás oposicións o Secretario nacional da CIG Ensino declarou: "Non podemos esquecer que moito deste persoal do Consorcio xa pasou un proceso selectivo, e leva anos traballando cunhas condicións laborais e económicas deplorábeis, sen sequera aplicarlle o V Convenio dos laborais da Xunta de Galiza.

## **Asemblea de traballadoras e traballadores do Consorcio o sábado 11 de febreiro as 11:30 IES As Fontiñas (FP). Rúa Estocolmo 5. Compostela**